

A DOR EN CADA CÉLULA, LOIS PEREIRO

“Quem não nos deu amor não nos deu nada”

João Rui de Sousa

Andamos todos na mesma aventura do desexo: espertar a tempo na morte coa dor aliviada. Na resurrección polo amor e pola palabra, que en si mesma é xa resurrección. E non hai outra palabra que a palabra de amor:

Contra a morte o amor que vai comigo.¹

A vida sen delirio é media vida, e ti, Lois, infeliz/feliz exemplo vivo desde a irresistible sabedoría da morte, cargado de dores e de febre pola sede de soñar, igual que Raymond Carver, conseguiches o que querías desta vida: “Considerarme amado, sentirme amado nesta terra.” Porque a vida, saber o que é a vida, saboreala, desde o principio até o final, non é máis que iso, aquí os teus versos: *Saber dunha vez o que era a vida/ amar e ser amado*. Entón o alento, a existencia, coa ficción da morte dando voltas, na súa ineficacia de asustar nenos, sempre a carón do que sofre de ser de conciencia e de chaga de enfermidade, faise eterna polos corpos que se queren e desexan:

*por Ela, Ela e Ela
á miña beira sempre, e eu nelas
e a todas Elas, as que foron, son e serán
obxecto e causa
deste amor que resucita ilimitado.*

¹ Lois PEREIRO, *Poesía última de Amor e Enfermidade 1992-1995*, Edicións Positivas, Santiago de Compostela, 1995.

Mesmo inferno, eu son o outro, e con máis razóns se ese outro es ti, cada molécula a vivir intensamente, na intensidade da dor e da caricia, no constante reclamo daquel beixo de mornas humidades:

*Canta o desexo. E eu, agora,
feliz de seguir vivo. Je t'aime.*

Combater a dor coa amizade que protexe e a enfermidade co amor que cura, ese amor que se sente e que se fala, o amor que se di: *E finalmente dixo que pensaba en min/ e me quería. Iso era certo.* Fartura e xenerosidade deste home de palabra, da palabra dada, do verbo regalado de poemas, esforzándose cada hora, cada minuto, en se manter elegante, mesmo na derradeira agonía do último hematíe, para facer un aparte no Amor malia o Peor que el escollera. A elegancia, a pesar das formas, persiste no miolo. E aquí andan os meus abertos e sorprendidos ollos que son os teus que sobrevoan, palpando amores e querereres, porque canta o desexo, e é nel, no cantar, que sobrevives, desde o teu abondoso ofrecemento da palabra, pola escrita, en ti e en todos nós. Non hai dúbida que andamos a tocar fondos e fonduras, que arribamos á certeza irrenunciable do saber. Porque o que hoxe é, ou foi, felizmente será:

*E aínda así hai máis vida de onde saiu esta, á que
roubarlle palabras de amor e morte.*